


INSTITUTO DE SEGURIDADE
E SAÚDE LABORAL
DE GALICIA

issga.xunta.gal



Prevención de riscos no manexo do **tractor**



XUNTA
DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA (ISSGA)

EDICIÓN

Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga)

AUTORÍA

Gema Bertoa Veiga e Esther Varela Cerdeira

Técnicas superiores en Prevención de Riscos Laborais

COLABORACIÓN

Ángel Álvarez Martínez

Manuel Gasalla Regueiro

DESEÑO E MAQUETACIÓN

Mabel Aguayo

Santiago de Compostela, 2026

D.L.: C 652-2026



*Esta obra está dispoñible para a súa consulta e descarga na seguinte ligazón:
<http://issga.portal.contido.documentacion/publicacions/>*

*Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución-CompartirIguual 4.0
España de Creative commons. Para ver unha copia da licenza, visite:
https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es_ES*

Prevenção de riscos no manexo do **tractor**

Circula



Seguridade
viaria

Mantén



Protección da toma de
forza (TDF), do **eixe cardán**
e da **entrada de potencia**
da máquina

Dispón



Medidas fronte ao envorco

Emprega



Proteccións do tractor
fronte ao envorco

Circula

Seguridade viaria


Os vehículos agrícolas que circulen polas vías públicas estarán **homologados e matriculados**.

Permiso de conducir:

- > **Xeral:** permiso clase B.
- > **Licenza de conducción (idade mínima 16 anos):** cando a masa ou as dimensións dos vehículos agrícolas non excedan as dos vehículos ordinarios segundo o Regulamento xeral de vehículos; e a velocidade máxima por construción non exceda de 45km/h.

ITV:

- > **Tractores con velocidade máxima de fabricación de máis de 40 km/h:** exento os 4 primeiros anos, bienal de 4-16 anos e anual a partir dos 16 anos.
- > **Resto de tractores, maquinas automotrices, remolques especiais, máquinas remolcadas e tractocarros:** exento os 8 primeiros anos, bienal de 8-16 anos, e anual a partir dos 16 anos.



Cumprir as normas de tráfico e seguridade viaria:

- > Empregar unha **velocidade axustada** ás características da vía.
- > Realizar as **manobras con moita prudencia**, considerando as dimensións e estabilidade do tractor.
- > **Empregar os sistemas de sinalización** para ser visto a tempo e ten especial precaución nas interseccións.
- > Ter especial cuidado e **respeito cos usuarios máis vulnerables**: peóns, ciclistas, motocicletas, ...

Dispoñer dos elementos de seguridade viaria obrigatorios e en bo estado: espello retrovisor esquerdo, sinalización luminosa: xirafaro (V-2), limitación de velocidade (V-4), pneumáticos en boas condicións etc.

Respectar o número máximo de pasaxeiros do vehículo indicado polo fabricante.

Na vía pública, de ser o caso, levar a **máquina en posición de transporte**.





Mantén



Protección da **toma de forza (TDF)**, do **eixe cardán** e da **entrada de potencia** da máquina

- > Dispoñer dos **elementos de protección** (protector da TDF, protector do eixe cardán e da entrada de potencia da máquina) **en bo estado e colocados adecuadamente**.
- > **Enganchar o eixe cardán coa TDF desconectada**, o motor apagado e a chave de arrinque do tractor sacada.
- > **Colocar as cadeas antirrotación** aos puntos de ancoraxe entre o tractor e a máquina para evitar o xiro das proteccións.
- > Non levar roupa frouxa nin o pelo solto, **non permanecer próximo á toma de forza e ao eixe cardán en movemento**.







LEMBRA!

- > **Manter as proteccións de acordo coas instrucións do fabricante,** substituír as súas partes se se deterioran e engraxar periodicamente o eixe cardán para asegurar un correcto funcionamento.
- > **Antes de baixar do tractor,** desacoplar a TDF, poñer o tractor no punto morto, accionar o freo de estacionamento, apagar o motor e retirar a chave do contacto, sempre que sexa posible.


Tódolos elementos moveis da transmisión de potencia deben de estar protexidos para evitar o atrapamento, que pode causar lesións graves, amputación de extremidades e incluso a morte.



Dispón

Medidas fronte ao envorco

- > **Circular a velocidade axustada ás características do terreo**, extremando as precaucións en pendente e camiños en mal estado.
- > **Non efectuar viraxes bruscas**, especialmente cando se circula con remolque ou apeiro suspendido.
- > **Empregar o peche do bloqueo dos freos en circulación**, co fin de pisar os freos simultaneamente.
- > **Seleccionar adecuadamente os apeiros** que se vaian a enganchar ao tractor, de acordo coa súa potencia e seguindo as instrucións do fabricante.
- > **Traballando con apeiros, non forzar se existe resistencia ao avance**. Non retirar o parafuso fusible dos arados, e se é necesario retiralo, introducir outro de iguais características.



- > **Se o tractor dispón de ROPS, nunca saltar cara ao exterior no caso de envorco**, o condutor permanecerá dentro do tractor e agarrarase fortemente ao volante e asas se existen.
- > **Nos tractores con bastidor, abatelo só nos casos imprescindibles** (traballos en invernadoiro etc.) e volver despregalo unha vez finalizada a tarefa.

LEMBRA!

Tódolos tractores de máis de 400 quilos dedicados á actividade agraria están obrigados a dispoñer de **estruturas de protección ROPS** (cabina ou bastidor) homologadas, de acordo coa lexislación vixente.



A estrutura de protección **ROPS** e o **cinto de seguridade** son as medidas máis eficaces no caso de envorco do tractor.

Os tractores rexistrados no ROMA en data igual ou superior a **40 anos** que **non dispoñan de ROPS non se poderán pasar a outra actividade, nin cambiar de titularidade ou transferir en Tráfico** salvo por herdanza.

Emprega

Proteccións do tractor fronte ao envorco


- > **Dispoñer de ROPS** (cabina, bastidor de catro postes ou bastidor de dous postes) **oficialmente homologada**.
- > Empregar o **cinto de seguridade**.
- > Realizar un **mantemento axeitado das proteccións**.



LEMBRA!

A **ROPS** crea unha zona de seguridade na que o tractorista permanece suxeito ao asento mediante o cinto de seguridade. Se a ROPS fora abatible debe de estar correctamente despregada para que poida protexer de xeito eficaz no caso de envorco.

Para garantir a protección en caso de envorco é necesario que o condutor do tractor abroche o **cinto de seguridade** antes de poñelo en marcha.





INSTITUTO DE
SEGURIDADE E SAÚDE
LABORAL DE GALICIA



Xacobeo
2027

